



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "O SALVADOR"
R/ José Yáñez García s/n
27287 A PASTORIZA (Lugo)
Telf. 982870025 – Fax 982870027
E-mail: ceip.osalvador@edu.xunta.es

PLAN ESPECÍFICO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "O SALVADOR"

R/ José Yáñez García s/n

27287 A PASTORIZA (Lugo)

Telf. 982870025 – Fax 982870027

E-mail: ceip.osalvador@edu.xunta.es

1. XUSTIFICACIÓN

Para a elaboración deste documento, tomamos como referencia o establecido na *Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados*; que contempla entre os seus requisitos a elaboración dun Plan Específico de Actividades Extraescolares.

Concretamente, no seu título terceiro, concreta que o devandito plan recollerá as actividades que se van a desenvolver pola tarde, sen prexuízo das recollidas na PXA, así como o modo de colaboración nestas por parte das asociacións de nais e pais do alumnado, doutras institucións ou organismos e, de ser o caso, do profesorado, sinalando o órgano responsable da organización e financiamento de cada actividade, así como a participación económica do alumnado, se for o caso.

Así mesmo, recóllese que dito plan será elaborado polo equipo directivo, coa colaboración da persoa responsable das actividades extraescolares, e que será aprobado polo Consello Escolar dentro da Programación Xeral Anual do centro.

2. CARACTERÍSTICAS DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS

As actividades que se porán a disposición do noso alumnado, reunirán unha serie de características:



- Terán carácter voluntario, non discriminatorio e non conterán ensinanzas incluídas nas programacións docentes de cada curso; polo que ningunha delas será requisito para a consecución dos obxectivos curriculares.
- Serán motivadoras e enriquecedoras para o alumnado, favorecerán a integración e a cohesión grupal das nenas e nenos, a socialización e o traballo en equipo.
- Estarán adaptadas aos intereses das nenas e nenos, características e diversidade; tendo un carácter lúdico.
- Organizaranse actividades que permitan desenvolver as habilidades físicas, interpersoais, de liderado e intelectuais, así como o desenvolvemento de competencias sociais e emocionais.
- Estarán enfocadas a mellorar a saúde física e emocional das nenas e dos nenos, a aumentar a confianza en si mesmos e a aprender outras formas de expresarse e relacionarse; favorecendo así a súa autoestima e benestar.
- As actividades propostas terán un custo mínimo para que poida ser asumible por tódalas familias e, sempre que sexa posible, terán un carácter gratuíto.

As actividades extraescolares que se ofertan inicialmente poderán requirir pequenas modificacións en función da demanda e intereses do alumnado ou outros factores.



3. RECURSOS MATERIAIS E ESPAZOS DISPOÑIBLES

Para o bo funcionamento das actividades extraescolares que se propoñen contamos cos seguintes recursos espaciais e materiais:

❖ Recursos espaciais:

- Biblioteca do centro e “espazo maker”.
- Uso das aulas.
- Patio cuberto e patio exterior.
- Pavillón de deportes cuberto (do Concello, pero posto a disposición do centro).
- Pista deportiva exterior.

❖ Recursos materiais:

- Tecnolóxicos: ordenadores, Encerados Dixitais Interactivos (EDI), proxectores, tabletas.
- Material STEAM: robots de diferente tipoloxía, LEGOS...
- Programas educativos.
- Material artístico e instrumentos musicais.
- Material deportivo.
- Material da biblioteca: libros de diferentes temáticas e adaptados por idades, xogos de mesa, títeres e materiais para o desenvolvemento da expresión oral.



4. PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

4.1. Actividades ofertadas pola ANPA

A impartición das actividades correrá a cargo de persoal formado para realizar a actividade correspondente. A asociación financiará unha parte, o que suporá un pequeno custo para o alumnado.

As actividades ofertadas poderán ser diferentes dun curso escolar a outro, para adaptarse ás demandas e intereses das/dos participantes.

4.2. Actividades ofertadas polo Concello

Están incluídas nas Escolas Deportivas. A continuación, relaciónanse as actividades ofertadas:

<u>Actividades</u>	<u>Niveis Educativos</u>	<u>Financiación</u>
Predeporte	Infantil e 1º EP	7 € (Este custo inclúe a participación en todas as actividades).
Fútbol-sala	A partir de 1º EP	
Baloncesto	A partir de 1º EP	
Bádminton	A partir de 3º EP	
Tenis de mesa	A partir de 3º EP	
Atletismo	A partir de 1º EP	
Pádel	A partir de 5º EP	
Natación	Todas as idades	9 €



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "O SALVADOR"
R/ José Yáñez García s/n
27287 A PASTORIZA (Lugo)
Telf. 982870025 – Fax 982870027
E-mail: ceip.osalvador@edu.xunta.es

Patinaxe	A partir de 1º EP	Gratuíta
Informática	A partir de 1º EP	15 €

4.3. Actividades ofertadas por persoal externo ao centro

Serán impartidas por un monitor ou monitora experimentado/a e nas dependencias do centro.

A programación será trimestral.

<u>Actividades</u>	<u>Niveis Educativos</u>	<u>Financiación</u>
Mecanografía	A partir de 1º EP	15 €

5. HORARIO DAS ACTIVIDADES

A implantación da xornada única non alterará o horario de permanencia do alumnado no centro nin o horario de transporte, xa que ao igual que no actual horario; as actividades extraescolares seguiranse levando a cabo unha vez finalizado o tempo de permanencia do alumnado no centro.

A duración destas actividades será de **outubro a maio**, ámbolos dous inclusive.

Estas actividades levaranse a cabo diariamente en horario de 15:40 a 18:00 horas.

O profesorado estará no centro diariamente, e unha vez rematadas as actividades lectivas, permanecerá no centro para organizar as actividades propostas, comprobar o



bo funcionamento de todas as actividades, supervisar e solucionar calquera imprevisto que puidese xurdir.

Dado que os martes é o día marcado pola normativa vixente para a realización de titorías e orientación a familias e tamén para as reunións dos equipos; organizaremonos a nivel interno para garantir o recollido no parágrafo anterior.

6. NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO.

Durante o tempo de realización das actividades, estas rexeranse polo establecido nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro, así como nas Normas de Convivencia incluídas no citado documento.

Así mesmo, cada actividade específica na súa programación correspondente, establecerá as súas propias normas de organización relativas ao número de participantes, duración e recursos necesarios, entre outros aspectos. A información relativa a cada actividade e as súas normas de organización poranse a disposición de todos os interesados.

As solicitudes de participación de cada actividade serán atendidas por orde de preferencia, así como pola antelación na entrega; garantindo que aquel alumnado que non puidese ser seleccionado para unha actividade en concreto teña unha alternativa.

Calquera alumno ou alumna poderá apuntarse a cantas actividades ofertadas desexe, sempre e cando estas lle sexan compatibles.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "O SALVADOR"
R/ José Yáñez García s/n
27287 A PASTORIZA (Lugo)
Telf. 982870025 – Fax 982870027
E-mail: ceip.osalvador@edu.xunta.es

Os alumnos/as participantes deberán contar sempre coa autorización familiar e o compromiso de respecto e aceptación das normas básicas de funcionamento.

O propio centro ou entidade organizadora aportará o material necesario que requira o alumnado para realizar a actividade.

A porta pecharase cinco minutos despois do comezo da actividade.

A non asistencia á actividade deberá ser xustificada polos pais, nais ou titores/as legais. Unha ausencia prolongada e non xustificada, suporá a baixa na actividade.

Ante a ausencia puntual dun profesor/a ou monitor/a, se fose posible, notificarase ás familias para que o alumnado non asista a esa sesión; de non ser posible facer a notificación, repartiranse os alumnos/as entre o resto de obradoiros ou actividades en funcionamento.

7. IMPLICACIÓN DO PROFESORADO

O Claustro, á hora de elaborar e aprobar o presente proxecto de actividades extraescolares, ademais de comprometerse a coordinar e facer un seguimento das mesmas, acorda tamén deixar constancia de que estas deben cumprir tanto as expectativas que toda a Comunidade Educativa espera delas, coma o seu normal funcionamento e desenvolvemento.

Entre estas salientamos:

- Organizar as actividades nas que se estruturarán as tardes.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "O SALVADOR"
R/ José Yáñez García s/n
27287 A PASTORIZA (Lugo)
Telf. 982870025 – Fax 982870027
E-mail: ceip.osalvador@edu.xunta.es

- Facer chegar a oferta de actividades á totalidade do alumnado e promover a súa participación nelas.
- Coordinarse coa ANPA e o Concello, así coma con monitores externos ou entidades que organizarán tamén actividades no período de tempo dentro do recinto.

A Pastoriza, 7 de decembro de 2021

A comisión encargada da elaboración do proxecto